

Vai haber que ir á Argentina:

Eu apenas era un rapaz de 15 anos, pero xa traballaba para levar o pan á miña familia. Actuaba unha vez por semana tocando o piano nalgunha das aristocráticas festas que se seguen a celebrar en Santiago. Todos me vían coma un prodixio musical, un novo Mozart. Meus pais facíanme estudar piano cun titor profesional que ademais me ensinaba o resto de materias. Non podía ir á escola, non podía ter amigos; o único que había na miña vida era piano, piano e máis piano. Díxenlle a meus padres se podían baixar un pouco o nivel, pero eles dixéronme que non podía se quería seguir vivindo así. E é que as miñas actuacións e a fama por min acadada conseguiran que a miña familia fose unha das máis ricas de Compostela. Eu preferiría ser feliz en vez de ser rico, vivir na casinha ás aforas que tiñamos antes de que fose un prodixio do piano; pero meus pais puideron deixar o traballo e vivir felizmente, así que ata aquel momento me tiña conformado coa explicación de que era mellor seguir con aquilo pola miña familia.

Pero un día; cando me estaba a preparar para a función da noite nunha xigantesca mansión, aquela noite tocábame interpretar unha peza especialmente difícil, a presión puido comigo e alegando que esquecín unha cousa na casa marchei do lugar. Comecei a vagar polas calles da cidade do Sar, tendo moito coidado en non meterme nos barrios máis perigosos ou descoñecidos. Santiago é unha cidade bastante grande e un pode perderse facilmente; ademais, como en tódalas cidades, hai barrios que é mellor evitar. Primeiro ía correndo, intentando marchar todo o lonxe posible daquela malvada industria que me apartaba da felicidade; logo diminuí un pouco o paso. Maldixen a todo e a todos; a meus pais, por non deixarme parar de tocar o piano; ao mundo, por aproveitarse así dun pobre cativo como mín; e maldixen á xente da capital galega, por lles gustar estes espectáculos;... Pero se de verdade había algo que maldixen con todo o meu corazón era a chuvia e o frío que cubrían Santiago nestes momentos. Pensei: "Onde durmirei?". E nese instante empecei a odiarme a min mesmo; "por que non se me tería ocorrido escaparme en xulio? É que hai que ser moi parvo para escaparse de casa en decembro!"

Foi entón cando o vin.

Era un deses nenos mendigos que había polas calles de Compostela. Levantouse e foise rúa abaixo co seu can, aquel día apenas collera nada, só un anaco de pan. Eu non sabía o porqué, pero algo me impulsaba a seguilo. Mais ía cara unha das calles descoñecidas por mín. Que debía facer? Ao final decidín facer caso ao meu instinto e seguino rúa abaixo. Parecía que ía falando co seu can, un pequeno cadelión negro sen raza coñecida. Cando xa levaban andado uns dous quilómetros detivéronse fronte a unha casa vella e en moi mal estado, na que entraron. Decidín determe e púxenme a ver o que ocorría dentro da vivenda, xa que a esta lle faltaban as ventás. O neno abrazouse a unha muller pobremente vestida, a súa nai posiblemente; estaba claro que se trataba dunha familia de pobres de esas que por desgracia proliferaban na España actual. O meniño ensinoulle á muller o que conseguira; fixo ademán de partilo, pero a muller dixo que se o tomara todo o rapaz, alegando que xa era pouco ata para unha soa persoa. A muller desapareceu por unha porta e ao rato reapareceu levando dous abrigos. Aínda que eran vellos, parecían capaces de aguantar as inclemencias climáticas do inverno galego. Repetiu a operación con outra porta só que esta vez levaba unhas flores de plástico e unhas candeas. Agardou.

Cando o seu fillo tivo terminado de comer, púxose o abrigo e axudou ao seu pequeno a facer o mesmo co seu. Abrazou ao neno con tódalas súas forzas e, sen que o pequeno se dese conta, a súa nai soltou unha bagoa, unha bagoa de desesperación que só ela e eu percibimos. A nai estaba moi angustiada, non podía seguir mantendo a seu fillo moito máis tempo con vida se non conseguía algo de diñeiro e un traballo.

De repente sentínme a máis vil das persoas por verme enfadado tanto por unha cousa tan insignificante. Como é posible que xente con unha vida tan triste vivan felices? Porque, no fondo, aquel neno parecía feliz; quizais non soubese o perigo que sobre el se abalanzaba, pero eu creo que era totalmente consciente diso.

Nai e fillo saíron pola porta collidos pola man.

Seguiron pola calle abaixo. Empezou a chover. Non deron media volta, senón que apuraron a andar. Eu tamén tiven que facelo para seguilos, obviando todo tipo de disimulo. Aínda así, creo que non se apercibiron da miña presenza.

Pararon nun cemiterio que eu non vira na miña vida. Era moi antigo, como case todo en Santiago, e bastante sombrío. A única luz que quedaba na rúa era a que proporcionaba o alumeado público. O cemiterio tiña dúas ou tres lámpadas, non máis. Era todo moi lúgubre e sinistro. Nai e fillo acercáronse a unha lápida e alí pousaron as candeas. A nai empezou a chorar, disimuladamente, pero o fillo decatouse e preguntoulle:

-Mamá, por que choras? De quen é esta lápida?

-Sabes aquel señor tan bo da Arxentina que tivo que emigrar moi novo e do que che dixen que nos mandaba cada mes uns cartos para que vivísemos mellor? Pois esta é a súa tumba. Morreu fai un mes. Enterrouse cando ti fuches de fin de semana con Adela.

-Papá tamén foi á Arxentina. Un día de estes teremos que ir alá para que eu o coñeza. Ao mellor ata coñecía a este señor.

-Si coñecía moi ben; eran unlla e carne- dixo a nai intentando manter a compostura.- Pois si, vamos ter que ir un ano destes á Arxentina.

Dito isto ambos marcharon. Eu quedei petrificado sen saber que facer. De alí a unhas horas encontróme a policía, meus pais denunciaron a miña desaparición. Encontrei a meus pais alporizados. Nunca esqueceré ese día; o frío pasou, os berros pasaron, os castigos tamén; mais pódome asegurar que a impresión permaneceu alí, intacta, ata hoxe.